

SANTIAGO, 25-IX-1954

St. D.  
Luis Seoane  
BUENOS AIRES

Querido Seoane:

O amigo Del Riego entregóume un exemplar de "Lonxe". É un libro espléndido. Os versos de Varela son mañíficos. As tuas ilustracións, perfeitas. Vou enviavos un artigo en galego, tí verás de publicalo en "Galicia emigrante" ou na revista ou periódico que tí consideres pertinente. Eiquí publicaréi outro en castelán, que sairá no "Faro de Vigo" ou na "Noite". Xa che mandaréi o recorte.

Paco falóunos longamente de vós. Como me acontecéu a mín, tamén él trai os ollos asombrados da tua extraordinaria pintura. Val a pena o viaxe a Bós Aires solo por contemplar e considerar en detalle a tua formidábel obra.

O meu ensaio pra a monografía que imos editarche en "Galaxia" está rematado. Manda pronto as reproducións en cores, que supoño xa Paco che pediría por carta. A mín saíume un traballo de moita emoción no que me custóu esforzo non soltar as ideas pra íreme a unha pura evasión lírica. Coido que o ensaio está ben equilibrado e ten forza. E sin perder absolutamente obxetividade, algunha, tén un fondo entrañábel. Ogallá seña do teu gusto.

O que nos eleitrizóu fói o Album cas tuas cousas en cores, e do que Paco trai un exemplar. Mirámolo en compañía todol-os amigos e houbo verdadeiros pulos de entusiasmo en todos nós. Tés chegado a unha maturidade inconcebíbel. Piñeiro i-éu queremos mercar ise Album. Non todol-os exemplares van quedar en América. É perciso que algúns esteñan na nosa terra. Pregámosche, pois, encarecidamente, que vexas a maneira de facernos con dous exemplares. Agora ben, tén que ser a base de pagalos, custen o que custen. Tí podes adiantar eí os cartos, e nós compensalos eiquí da forma que seña. D-outra maneira, non ademitimos nada e quedarían as portas pechadas pra ulteriores pedidos de outras obras. Así, pois, que alguén merque os dous exemplares (alguén que non señas tí) e que se nos envíen, espricando con detalle a forma de facer nós o pago. Isto vai dito con absoluta sinceridade e sen historias de ningunha crase. O que nos interesa é poseer o caderno, e que eiquí quede repartido en varias máns.

Sáb que vivíchedes momentos estupendos gozando co auténtico e brillante trunfo de Del Riego. Eu eiquí seguí a sua situación con un sentimento entrañábel de ledicia e orgulo. Parecíame que había ~~unha~~ como unha continuidade entre Paco i-éu, e que por trás de nós latexaba a presenza solene e honesta de Galicia.

Paco ven moi contento e cóntanos cousas divertidas e fantásticas. Realmente, en Bós Aires, tí eres como unha illa de bón senso, de xenerosidade e de eficacia.

Dentro d-úns días, enviaréiche o artigo. Con saúdos pra Maruxa e lembranzas cordiaes pra o noso poeta Lorenzo Varela, velaí che vai unha forte aperta de,

*Domingo*

*¿F. Aribel pue videnos nos o caderno de ditos? e pue eí nos dixir a forma de pagar?*